
OBSERVACIÓN DE CÉLULAS VEXETAIS

OBXECTIVO:



Observar células eucariotas vexetais da epiderme da cebola e adquirir destreza no emprego do microscopio óptico.

FUNDAMENTO:

O microscopio óptico permítenos estudar células de tamaño medio. Na maioría de casos requírese dun procesado da mostra para a súa correcta visualización, noutros casos a observación directa permítenos unha análise sinxela da estrutura xeral da mostra. Nos organismos pluricelulares atopámonos multitude de células conformando diversos tecidos e órganos. No caso dos vexetais, estas células son de gran tamaño e presentan unha parede ríxida, estas paredes asóciáanse entre si formando unha estrutura compacta.

MATERIAIS:

- Microscopio óptico.
- Coitela.
- Pinzas.
- Portaobxectos, cubreobxectos.
- Bulbos de cebola.



MÉTODO:

1. Coa axuda da coitela e a pinza, illamos unha porción da epiderme de cebola, correspondente a zona cóncava entre a terceira e a cuarta escama.
2. Cortamos a porción e colocámola estendida no portaobxectos, sobre a mostra sen tratar situamos o cubreobxectos.
3. Observamos a mostra ao microscopio, comezamos co obxectivo de menor aumento e incrementamos gradualmente.

Con esta técnica non podemos observar a totalidade da estrutura celular, aínda si que podemos observar a anatomía da célula vexetal.

OBSERVACIÓN DE CÉLULAS ANIMAIS

OBXECTIVO:

Observar células eucariotas animais da mucosa bucal e adquirir destreza no preparado de mostras e emprego do microscopio óptico.

FUNDAMENTO:

O microscopio óptico permite a observación de células de tamaño medio. Na maioría de casos a mostra a observar require dun procesado para a correcta observación. Un dos principais procesados é a tinguidura, que proporciona un contraste coloro que permite distinguir unhas estruturas de outras. Nos organismos pluricelulares atopámonos multitude de células conformando diversos tecidos e órganos. No caso dos animais a especialización celular dá lugar a multitude de tecidos distintos, nesta práctica analizaremos o tecido epitelial da mucosa bucal humana.

MATERIAIS:

- Microscopio óptico.
- Escarvantes.
- Portaobxectos e cubreobxectos.
- Frasco lavador e auga.
- Chisqueiro Bunsen.
- Colorante azul de metileno.
- Cubeta de tinguidura.
- Contagotas.



MÉTODO:

1. Coa axuda do escarvantes, toma unha pequena mostra do epitelio interno da meixela.
2. Aplica unha pequena gota de auga no portaobxectos coa axuda do frasco lavador.
3. Introduce a mostra de epitelio na gota e esténdea.
4. Empregando o chisqueiro, aplica calor a mostra con precaución para non queimar a mostra. Este proceso consegue o fixado da mostra por calor.
5. Aplica 2 ou 3 gotas de azul de metileno coa axuda do contagotas na cubeta de tinguidura, deixa repousar ao redor de 5 minutos para que a mostra se tinga.
6. Lavar a mostra co frasco lavador con delicadeza na cubeta de tinguidura.
7. Colocar o cubreobxectos sobre a mostra e observar ao microscopio.